

CICLO PRINCIPAL

OUTONO 2020



TEATRO

Rosalía Castro

| 180 ANIVERSARIO


FUNCIÓN APRAZADAS

NEKRASSOV

VENRES 25 E SÁBADO 26 / SETEMBRO
TEATRO ABADÍA

SUEÑO DE UNA NOCHE DE VERANO

VENRES 4 E SÁBADO 5 / DECEMBRO
CNTC LA JOVEN



Funcións aprazadas do **Ciclo Principal Primavera 2020** con nova data. As entradas da data anterior serán válidas para esta.

VENRES 9 E SÁBADO 10 / OUTUBRO

ANDANZAS Y ENTREMESOS DE JUAN RANA

DE CALDERÓN DE LA BARCA, AGUSTÍN MORETO E OUTROS
COPRODUCCIÓN CNTC E RON LALÁ

A Inquisición reúne-se para un xuízo secreto que pode cambiar o curso da historia. O acusado: Juan Rana, o comediante con máis sona do Século de Ouro. O delito: facer rir ao público de varias xeracións co seu humor irreverente e burlesco onde toda a sociedade queda retratada. As probas: unha selección de entremeses dos máis grandes autores da época (Calderón, Moreto e Quiñones de Benavente, entre outros) que tiveron como protagonista ao xenial actor.

As acusacións: blasfemia, desacato, irreverencia, provocación, espírito crítico, herexia... Posible condena: a fogueira.

Juan Rana: unha festa de pezas breves con música en directo, unha reflexión sobre os límites do humor e unha homenaxe a unha figura esencial do teatro clásico español.

Tras os rotundos éxitos internacionais que supuxeron nos últimos anos as dúas coproducións previas, *En un lugar del Quijote* e *Cervantina* (Premio Max Mellor Espectáculo Musical 2017), a Compañía Nacional de Teatro Clásico e Ron Lalá volven aliarse nesta nova proposta que explora a inmensa comicidade dos xéneros breves do teatro áureo e recupera unha das figuras escénicas máis singulares do panorama escénico do Século de Ouro e de todos os tempos: o comediante Cosme Pérez, Juan Rana.

REPARTO

Juan Cañas, Íñigo Echevarría, Fran García, Miguel Magdalena, Daniel Rovallher.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Dirección: **Yayo Cáceres.**

Creación colectiva: **Ron Lalá.**

Dramaturxia e versións: **Álvaro Tato.**

Composición e arranxos: **Yayo Cáceres, Juan**

Cañas, Miguel Magdalena, Daniel Rovallher.

Dirección musical: **Miguel Magdalena.**

Vestuario: **Tatiana de Sarabia.**

Escenografía e atrezzo: **Carolina González.**

Iluminación: **Miguel Á. Camacho.**

Son: **Eduardo Gandulfo.**

DURACIÓN ESTIMADA

90 minutos (sen intermedio).

ENTRADAS

Tarifa E.



DON QUIJOTE SOMOS TODOS

UNHA COMEDIA BASEADA NA NOVELA DE CERVANTES / **TEATRO DEL TEMPLE**

Don Quijote somos todos narra os esforzos dun pobo manchego, de cuxo nome ninguén se acorda, por non desaparecer para sempre. Abandonado no medio da España baleira, con malas comunicacións e escasos servizos, o seu único patrimonio está no seu pasado: ser o berce do máis famoso cabaleiro andante, o enxeñoso don Quixote da Mancha.

A NOSA PROPOSTA: Cun ton de comedia crítica herdeira de Cervantes, pero tamén dalgúns dos seus discípulos avantaxados como Berlanga, Rafael Azcona ou José Luis Cuerda, convertemos a don Quixote nun suxeito colectivo, encarnado en todo un pobo que, no medio da súa loita pola supervivencia, experimenta

algunha das máis famosas aventuras de don Quixote. Episodios como os muiños de vento, os galeotes ou a cova de Montesinos... adquiren na nosa proposta unha nova perspectiva, alumando unha reflexión mordaz e desprexuciada sobre o noso propio quixotismo patrio.

REPARTO

Carlos Martín, José Luis Esteban, Minerva Arbués, Irene Alquezar, Francisco Fraguas, Félix Martín, Gonzalo Alonso (*música en directo*).

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Dirección: Carlos Martín.
Texto: José Luis Esteban.
Produción: María López Insausti.
Coordinación técnica: Alfonso Plou.
Música: Gonzalo Alonso.
Escenografía: Tomás Ruata.
Iluminación: Tatoño Perales.
Vestuario: Ana Sanagustín.

DURACIÓN ESTIMADA

90 minutos (*sen intermedio*).

ENTRADAS

Tarifa B.



VENRES 23 E SÁBADO 24 / OUTUBRO

A CONQUISTA DA ESCOLA D

DE HÉLÈNE CIXOUS
TEATRO DO ATLÁNTICO

Saludeva, bandida, perseguida pola policía e o exército, acusada do asasinato de máis de trinta homes que a violaran tempo atrás e de numerosos asaltos a man armada, preséntase na humilde morada de Pandala, unha sabia anciá que a criou cando era nena e que é a única persoa no mundo na que confía.

Pidelle quedar durante dous días agochada na súa casa, para poder meditar con tranquilidade que decisión tomar nunha disxuntiva transcendental que se lle presenta. Sen tempo para que ela puidese reflexionar, aproximase xa ao lugar un Ministro do Goberno, que fora o provocador da disxuntiva e que vén demandar unha resposta.





DE MADHUBAI

VENRES 30 E SÁBADO 31 / OUTUBRO

A COMPAÑEIRA DE PISO

DE JEN SILVERMAN / CONTRAPRODUCCIÓN

Sharon (Patricia Vázquez), unha ama de casa de cincuenta e pico anos e recentemente divorciada, publica un anuncio para compartir a súa casa no corazón do rural de Iowa. Sharon procura alguén coma ela, unha compañeira, se cadra, unha amiga. A chegada de Robyn (Rebeca Montero) para ocupar o cuarto deixa a Sharon de pedra xa que non podían ser máis diferentes: lesbiana, vegana, chegada do Bronx... Pero lonxe de arredarse, Sharon comeza a experimentar co estraño (e prohibido) xeito de vida de Robyn sen saber que a súa inquilina procura un refuxio no que agocharse e cambiar de vida. Unha comedia negra sobre a capacidade de reconducir o tren da propia vida e o que sucede cando este descarrila.

REPARTO

Patricia Vázquez, Rebeca Montero e colaboración na voz en off de Xosé Barato como fillo de Sharon.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Dirección: Belén Pichel e Cándido Pazó.

Adaptación: Lilian Portela.

Iluminación: Afonso Castro.

Escenografía: Carlos Alonso.

Vestuario: Belén Pichel.

Maquillaxe: Rebeca Montero.

Música orixinal: Guillermo Fernández.

Axudante de dirección e Producción executiva:

Lilian Portela.

Dirección de produción: Belén Pichel.

Fotos: Cristina Astorgana (La Escena Iluminada).

DURACIÓN ESTIMADA

90 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS

Tarifa B

REPARTO

María Barcala, Sheila Fariña, César Goldi.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Dirección: Xúlio Lago.

Traducción: Purificación Cabido.

Espazo sonoro e composición musical: Valdim Yukhhnevich.

Espazo escénico: Antonio F. Simón.

Vestuario: Susa Porto.

Deseño de Iluminación: Xúlio Lago.

Axudante de dirección: Aleixandre Lago.

DURACIÓN ESTIMADA

70 minutos (sen intermedio).

ENTRADAS

Tarifa B.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

AGADIC



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

VENRES 6 E SÁBADO 7 / NOVIEMBRE

SHOCK, EL CÓNDOR Y EL PUMA

INSPIRADO EN LA DOCTRINA DEL SHOCK, DE NAOMI KLEIN E A HISTORIA RECIENTE / **COPRODUCCIÓN**
CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL EN
COLABORACIÓN CON CHECK-IN PRODUCCIONES



Como resultado da investigación teatral sobre un feito histórico, o do golpe de estado do Xeneral Pinochet sobre o Goberno de Salvador Allende, nace *Shock (El Cóndor y el Puma)*.

Un teatro-documental onde se representa a historia, pero para coñecela desde a emoción. Representar a nosa historia é a vontade de coñecernos a nós mesmos. A nosa sociedade de hoxe é o resultado do que construímos ou destruímos onte. O capitalismo imperante de hoxe fráguase durante moito tempo pero ten un impulso fundamental tras o final da segunda guerra mundial, en parte grazas, ou a pesar, da Doutrina do Shock. E o golpe de Chile é o seu primeiro experimento.

REPARTO

Ernesto Alterio, Ramón Barea, Natalia Hernández, María Morales, Paco Ochoa, Juan Vinuesa.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Dirección: Andrés Lima.

Texto: Albert Boronat, Andrés Lima, Juan Cavestany e Juan Mayorga.

Dramaturxia: Inspirada en "La doctrina del Shock" de Naomi Klein: Albert Boronat e Andrés Lima.

Escenografía e vestuario: Beatriz San Juan.

Iluminación: Pedro Yagüe.

Música e espazo sonoro: Jaume Manresa.

DURACIÓN ESTIMADA

165 minutos (sen intermedio)

ENTRADAS

Tarifa Shock



VIDAS ENTERRADAS

A PARTIR DO PROGRAMA DA CADENA SER

**L'OM IMPREBÍS, TEATRO DEL TEMPLE, MICOMICÓN
TEATRO E TEATRO CORSARIO**

Vidas Enterradas é un serial radiofónico creado polos xornalistas Javier del Pino, Conchi Cejudo e Gervasio Sánchez para o programa *A vivir que son dos días* da Cadea SER. A través do documental sonoro rescátase a vida e a morte de persoas asasinadas durante a Guerra Civil e o franquismo. Dos protagonistas destas historias apenas se conservan algunhas fotografías, pero os recordos seguen vivos nos seus fillos, nos seus netos, nos seus bisnetos, nos seus veciños, nos seus compañeiros de loita. Despois de décadas, son eles quen rompen o silencio para narrar esas biografías. Con ese material, catro compañías: L'Om Imprebis, Teatro del Temple, Micomicón Teatro e Teatro Corsario prepararon unha versión teatral a partir dunha serie de monólogos encadeados que nos achegan ás vítimas, testemuñas e especialistas comprometidos no rescate desa memoria enterrada. O espectáculo está pensado para representarse en lugares non convencionais e cun formato aberto que permita, co tempo, ir integrando novos testemuños, ata realizar un gran fresco das fosas silenciadas do franquismo e do gran número de desaparecidos que fan do noso país o segundo do mundo nesta cuestión.

O programa “Vidas enterradas” mereceu o Premio Internacional de Xornalismo Rey de España.

REPARTO

Mariano Anós, Edu Borja, Carles Montoliu, María José Moreno, Mateo Rubinstein, Pilar San José.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Textos: Mafalda Bellido, Juan Mayorga, Juan José Millás, Alfonso Plou, Laila Ripoll e Pepe Viyuela.

Dirección: Santiago Sánchez, Carlos Martín, Mariano Llorente e Jesús Peña.

Producción: Ana Beltrán, María López Insausti, Luis Miguel García.

Vestuario: Ana Sanagustín.

DURACIÓN ESTIMADA

60 minutos (sen intermedio).

ENTRADAS

Tarifa U.



ANA (TAMBIÉN A NOSOTROS NOS LLEVARÁ EL OLVIDO)

DE IRMA CORREA / **COPRODUCE UNAHORAMENOS E TEATRO PÉREZ GALDÓS**

Ana é unha ama de casa convencional da España dos anos 60, casada con Lope, avogado que vai ser nomeado cun posto no Ministerio. A obra arrinca coa noticia deste ascenso, e as repercusións que ten no matrimonio. Para Ana supón máis traballo e máis exposición social nunha vida que non lle enche, que lle asfixia. Ela non detecta esta falta de aire ata que coñece a Vivian, fotógrafa francesa de espírito libre que lle fará ver que a súa vida non é, nin de lonxe, o que ela ansía. Ana namórase de Vivian, e este amor supón para ela unha explosión de contradicións, medos e liberación. A través de Vivian e as súas fotografías Ana comeza a percibir a realidade, a súa realidade, da que quere custe o que custe desasirse. Nas fotografías ven mulleres cosendo, mulleres pasando o ferro, mulleres coidando a nenos, pero tamén os primeiros bikinis, parellas bailando o twist, Brigitte Bardot.

"ANA (también a nosotros nos llevará el olvido), fala de todas esas pequenas vitorias das mulleres que nos antecederon, e tamén de todas as portas que, como Nora, aínda nos quedan por atravesar."

Irma Correa

REPARTO

Marta Viera, Rubén Darío, María de Vigo, Ruth Sánchez.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Dirección: Mario Vega.

Dramaturxia: Irma Correa.

Iluminación: Ibán Negrín.

Director de animación: Juan Carlos Cruz.

DURACIÓN ESTIMADA

80 minutos (sen intermedio).

ENTRADAS

Tarifa A.



UNA NOCHE SIN LUNA

DE JUAN DIEGO BOTTO SOBRE OS TEXTOS DE FEDERICO GARCÍA LORCA / **LA ROTA PRODUCCIONES, BARCO PIRATA E CONCHA BUSTO PRODUCCIÓN Y DISTRIBUCIÓN**

Una noche sin luna é unha peza conmovedora e sorprendente que nos fala de Lorca desde unha sensibilidade do século XXI, coma se o propio Federico estivese hoxe aquí entre nós. *Una noche sin luna* é unha obra na que nos achegamos aos aspectos menos coñecidos da vida e a obra de Federico García Lorca. A viaxe que expón a función non é unha viaxe arqueolóxica senón unha forma de coñecer a través da súa obra nosa propia realidade. Desta maneira a obra convértese nunha peza viva, atrevida e dinámica na que a palabra de Lorca, a súa vida e o seu mundo, serven de espello do noso. A obra recolle entrevistas, charlas e conferencias de Federico García Lorca así como fragmentos das súas obras e ao final, a modo de taboado flamenco, moitos dos seus poemas. A través destes e da dramaturxia de Juan Diego Botto é o propio Lorca quen en primeira persoa nos achega ao seu mundo.

Con moita ironía, emotividade e sentido do humor o autor vai relatando o seu paso pola residencia de estudantes, as críticas recibidas por Erma, a súa experiencia na Barraca, a súa relación coa prensa, os seus amores, a tensión dos seus últimos anos, e con todo iso imonos achegando a temas como o papel da muller baixo a súa mirada sempre poética e reivindicativa, a necesidade





da liberdade artística e de expresión, a loita pola liberdade de identidade sexual, ou a importancia da memoria e as raíces.

Ten sentido falar de Lorca hoxe? Falar de Lorca hoxe é falar de nós mesmos. E esta obra pretende facelo desde a honestidade e o sentido de espectáculo.

REPARTO

Juan Diego Botto.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Dirección: Sergio Peris-Mencheta.

Deseño de escenografía e vestuario: Curt Allen Wilmer (aapee) con estudioDedos.

Deseño de iluminación: Valentín Álvarez.

DURACIÓN ESTIMADA

90 minutos (sen intermedio).

ENTRADAS

Tarifa E.



PROGRAMACIÓN ESPECIAL



180º ANIVERSARIO Teatro Rosalía Castro



*15 de decembro
(1840-2020)*



MARTES 15 / DECEMBRO

MADRE CORAJE

DE BERTOLT BRECHT

PRODUCCIÓN DO TEATRO ARRIAGA

A guerra sempre foi un negocio. E Ana Fierling sábeo. Por iso camiña cos seus dous fillos e a súa filla a través da barbarie. Mentres serven a distintos bandos e ao mesmo tempo a ningún, se desenlaza esta épica historia cuxo eixo central é a crueldade da supervivencia humana.

O materialismo impónse á traxedia, a guerra insensibilízanos e os seres humanos seguimos sen aprender, cometendo os mesmos erros. Hoxe, a brutalidade é dixerida a diario a través da televisión con absoluta inmunidade. A esta "Nai Coraxe" quédanlle lonxe Suecia, Alemaña e Polonia, por iso trasládanos a un espazo bélico atemporal que non necesita ser definido porque os seus referentes son tristemente actualizados cada día.



"La guerra representa sólo la continuación de los negocios con otros medios, pero en la guerra los grandes negocios no los hace la gente humilde y en la guerra las virtudes humanas se convierten en mortales".

Bertolt Brecht

REPARTO

Itziar Lazkano, Ane Pikaza, Eneko Sagardoy, Mikel Losada, Miren Gaztañaga, Iñaki Urrutia, Gabriel Ocina, Alfonso Díez, Kepa Errasti, Aitor Borobia, Adrián García de los Ojos e Mikel Martínez.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Dirección e adaptación: María Goiricelaya.

Escenografía: José Luis Raymond.

Vestuario: Betitxe Saitua.

Música: Zabala.

DURACIÓN ESTIMADA

120 minutos (sen intermedio).

ENTRADAS

Tarifa A.



VENRES 18 E SÁBADO 19 / DECEMBRO

LAS COSAS QUE SÉ QUE SON VERDAD

DE ANDREW BOVELL / **TEATRO DEL CANAL E OCTUBRE PRODUCCIONES TEATRALES**

Las cosas que sé que son verdad é o seguinte texto escrito por Andrew Bovell, cronoloxicamente falando, tras *Cuando deje de llover*. Neste caso, Bovell perfila a un universo máis contido que na epopea da súa peza anterior. A peza móstrasenos como unha sorte de pequeno organismo preservado nunha perla de ámbar. Aquí, en lugar de contemplar unha vasta extensión de maneira inmediata, somos capaces de extrapolar a través dun sutil detalle, unha paisaxe mesmo máis ampla. Na súa inmensa contención, a peza segue explorando un tema constante na imaxinería do autor: a relacións, fisuras e vínculos das persoas coa natureza. A natureza, e a través dela, aquilo que está máis aló do coñecemento e o dominio humano. Aquilo que, en suma, a pesar da ilusión do control, vai trazando o transcurso da vida.

REPARTO

Verónica Forqué, Julio Vélez, Pilar Gómez, Jorge Muriel, Borja Maestre, Candela Salguero.

EQUIPO ARTÍSTICO / TÉCNICO

Texto: Andrew Bovell.

Dirección: Julián Fuentes Reta.

Adaptación e traducción: Jorge Muriel.

Escenografía: Julián Fuentes Reta e Coro Bonsón.

Iluminación: Irene Cantero.

Música: Ana Villa e Juanjo Valmorisco.

DURACIÓN ESTIMADA

90 minutos (sen intermedio).

ENTRADAS

Tarifa E.



HORARIOS

Todas as funcións representaranse ás 20:30h. Agás *Vidas enterradas* (18:00h e 20:30h).

Puntalidade: unha vez comezado o espectáculo non se permitirá o acceso á sala.

MEDIDAS ESPECIAIS COVID-19

Atendendo ás indicacións das Autoridades Sanitarias en cada momento, aplicaránse ás recomendacións para a prevención da COVID-19. **En todas as funcións será obrigatorio o uso da máscara e de xel hidroalcolico.**

ENTRADAS

TARIFA
A

8'50, 11'00, 14'00, 18'00€

TARIFA
B

6'50, 8'00, 10'00, 14'00€

TARIFA
ESPECIAL

9'50, 13'00, 15'00, 21'50€

TARIFA
U

12'00€

TARIFA
SHOCK

12'00, 18'00, 22'00 y 26'00€

Carné xove, + 65 anos, desempregados: - 20%.

Familias numerosas: - 25% (aplicable só en taquilla).

Grupos de + 20 personas en compra anticipada: - 50%.

VENDA BILLETES

**PRAZA
DE OURENSE**

De luns a venres, agás
festivos, de 9:30 a 13:00h
e de 16:30 a 19:30h.

**TEATRO
ROSALÍA CASTRO**

Aberto só os días
de función, de
16:00 a 20:00h.

**WEB
VENTA ONLINE**

www.coruna.sacatuentrada.es
Servizo permanente 24h.

**TELÉFONO
VENTA**

662 867 109

PAGOS

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito.

MÁIS INFORMACIÓN

www.coruna.gal/cultura e nas redes sociais do Teatro Rosalía Castro



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

